



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2026/CON_02/000076.- A PONTENOVA.- Mellora da rede viaria en Conforto

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 28 de agosto de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2339

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía 2026-0915, de 21 de agosto de 2026, aprobouse a Resolución cuxa parte dispositiva se transcribe literalmente:

“FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que o artigo 47 do ROF, prevé que corresponde ós Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Resultando que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2

Resultando que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterá como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que esta Alcaldesa se vai atopar ausente, por vacacións os días 25 de agosto a 3 de setembro de 2026, ambos incluídos, o que lle impide poder realizar as súas atribucións no período referido.

A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía no Primeiro Tenente de Alcaldesa, Don Mario Pillado Mon, nos días do 25 de agosto ao 3 de setembro de 2026, ambos incluídos. Esta delegación surtirá efectos durante as datas indicadas.

Segundo.- Dar traslado da presente resolución a Don Mario Pillado Mon e publicala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Terceiro.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.”

O que se remite para a súa publicación, aos efectos oportunos, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Burela, 28 de agosto de 2026.- A alcaldesa, dona María del Carmen López Moreno.

R. 2328

LOURENZÁ**Anuncio****NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO**

Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Xullo de 2026.

EDICTO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 14 de Agosto de 2026, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Xullo de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil catrocentos sete euros con tres céntimos de euro (3.407,03€), tres mil douscentos trinta e dous euros con sesenta e sete céntimos de euro (3.232,67€) correspondente a dependencia, e cento setenta e catro euros con trinta e seis céntimos de euros (174,36€) son de libre concorrência.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xullo de 2026.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 14 de agosto de 2026.- A alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 2329

POL**Anuncio**

O Pleno do Concello de Pol, en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de agosto de 2026, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria nº 13/2026 na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto e que non afectan a créditos de persoal. En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de

quince (15) días, a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado o expediente por calquera persoa interesada, na Casa Consistorial, para formular as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido o antedito prazo non se presentaran alegacións, considerarase definitivamente aprobado.

Pol, 28 de agosto 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2340

XOVE

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 27 de agosto dos presentes aprobouse o expediente de modificación de créditos número 16/2.026, na modalidade de Suplemento de Crédito

De conformidade co establecido no artigo 42 do RD 500/1990, de 20 de abril, en relación co 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público na Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións ante o Pleno. Non obstante, por aplicación do apartado 6 do artigo 177 do citado texto legal, o presente expediente terá carácter inmediatamente executivo.

No suposto de que non se presenten reclamacións considerarase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo desde a data da aprobación definitiva.

Xove, 27 de agosto de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2336

Anuncio

APROBACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2026 DO CONCELLO DE XOVE

Por Resolución de Alcaldía de data 27.08.2026 deste Concello, Oferta de Emprego Público do Concello de Xove para o ano 2026 co seguinte alcance:

OEP 2026 XOVE

RÉXIME	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	SUBGRUPO	Denominación	N.º de Plazas
LABORAL	ADMON ESPECIAL	DE SERVICIOS ESPECIAIS	AP	AP	Peón/oa de Servizos Múltiples	1
LABORAL	ADMON ESPECIAL	DE SERVICIOS ESPECIAIS	AP	AP	Peón/oa de Limpeza Viaria.	1
TOTAL						2

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Xove, 27 de agosto de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2337